


PARA PAIS E NAIS

## DECÁLOGO INTERNET



Charla de Siro López

## DECÁLOGO.



- 1.** O bo uso do tempo: acordade un código familiar de uso de Internet que controle os tempos que toda a familia pasa diante do ordenador. É aconsellable situar o ordenador nunha zona que quede á vista. Se o equipo está no cuarto do neno ou a nena podería conectarse durante a noite, ou sen o seu permiso, e enfrontarse a situacións de risco sen ningún adulto que lle aconselle.
- 2.** Compartir con eles tempo e información: gozade de Internet na súa compañía. Animade a vos@s fill@s a compartir as súas experiencias en Internet fomentando a comunicación fluída e un diálogo. Ensinádeos a confiar na súa intuición, animándolles a que informen as persoas adultas de todo o que os faga sentir incómodos, lles desagrade ou lles ofenda.
- 3.** O Respeto: fomentade o espírito crítico ante a rede. Explicade os nen@s que a diferenza entre o que está ben e o que está mal se aplica tamén en Internet. Ensinádeos a respectar outras persoas cando estean en liña. Asegurádevos de que entenden que as regras do bo comportamento non cambian polo feito de estar conectado a Internet, diante dun ordenador.
- 4.** Confidencialidade e protección da identidade: recordade os vos@s fill@s que nunca deben proporcionar información persoal como a idade, dirección ou número de teléfono a través de Internet, salvo que se trate de compras ou xestións cunha entidade ou empresa de confianza e sempre coa supervisión dos pais. Se os teus fill@s visitan salas de chat, utilizan programas de mensaxería instantánea (IM), videoxogos en liña ou outras actividades en Internet que requiren un nome de usuario para identificarse, axúdaos a elixir o devandito nome de usuario e asegúrate de que este non revela ningún tipo de información persoal.
- 5.** Comunicación con outros pais e nais: establecede normas comúns, compartide información sobre contidos de interese, medidas de seguridade, etc... Decídelles a vos@s fill@s que nunca deben intentar coñecer en persoa amigos aos que coñecen en liña. Explicádelles que os amigos que tratan en liña poden non ser os que din que son.
- 6.** Descargas ilegais: facede fincapé na obriga de respectar a propiedade doutras persoas cando se conecten. Explicádelles que facer copias ilegais do produto do traballo dos demais (música, videoxogos e outros programas) é igual que rouballo nunha tenda.
- 7.** Tempo para todo: axudádeos a distribuír o seu tempo libre. Asegurádevos de que vos@s fill@s non converten o ordenador ou os videoxogos nos seus únicos amigos: non pode substituír as relacións interpersoais.
- 8.** Gravade o que escriben: controlade a actividade en liña dos vos@s fill@s con software de Internet avanzado. O control parenteral pode axudarlle a filtrar os contidos dañinos, supervisar os sitios que visitan e saber que fan neles. Unha boa medida pode ser a instalación de programas que graven as súas conversacións. Hai técnicas de hacker para pais e nais como o Chat Controller 1.1.0 que pode descargarse dende este enlace e dispositivos como o Keyghost USB Keylogger.
- 9.** Seguridade do equipo: tede coidado cos correos electrónicos e os seus arquivos adxuntos cando non se coñece o remitente. Recalcade que non se deben abrir os correos sospeitosos, é un bo xeito de protexer o noso equipo.
- 10.** Alerta: ante calquera indicio de actividade ilegal podeades recorrer ao Grupo de Delitos Telemáticos da Garda Civil. Para temas específicos que atenten contra os dereitos dos menores, os portais [www.protegeles.com](http://www.protegeles.com), [www.noalapornografiainfantil.com](http://www.noalapornografiainfantil.com) e [www.asociacion-acpi.org](http://www.asociacion-acpi.org) ofrecen un sistema de denuncias on-line.

Recopilación-resumo das charlas sobre seguridade en internet de Siro López.

01

Colexio Calasancias

Estrada dos Fortes, 11A Coruña

[www.colexiocalasancias.com](http://www.colexiocalasancias.com)